



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de xullo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
Santos Hector Rodríguez Díaz
Angeles Marra Domínguez

•

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(737).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria do 28 de xuño e extraordinaria e urxente do 29 de xuño de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(738).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO – ADMINISTRATIVO CONTRA A RESOLUCIÓN DO XERENTE DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR QUE APROBA A “2ª LIQUIDACIÓN SEMESTRAL 2017 – RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA OS CENTROS DE DIA (TEIS-ATALAIA, COIA E VALADARES). EXPTE. 147833/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/07/18, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe da Área, a concelleira-delegada de Política Social e conformado pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O 07.11.2017 tivo entrada no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 170153204) escrito do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co que se achegaron as liquidacións correspondentes ó segundo semestre de 2017 dos Centros de Día de:

- “Vigo-Teis” (Liquidación nº 605/2017: 35.000 € = 28 prazas x 1.250€/praza).
- “Vigo Coia” (Liquidación nº 630/2017: 86.250€ = 69 prazas x 1.250€/praza).
- “Vigo Valadares” (Liquidación nº 631/2017: 50.000€ = 40 prazas x 1.250€/praza).

I.2. De acordo co Art. 69 da L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, as cantidades que correspondería aboar por ese concepto ás Entidades Locais terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa súa participación no Fondo de Cooperación Local. Para determinar dita participación, a Lei remítese ó regulado no seu Anexo I, con efectos do 01.01.2017. As liquidacións serían expedidas semestralmente con indicación do número de usuarios e as cantidades aplicables e deberían ser aboadas no prazo de tres (3) meses.

I.3. Unha vez firmes aquelas tres liquidacións, o Sr. Xerente do Consorcio procedeu a aprobalas mediante Resolución do 13.04.2018, notificada ó Concello na mesma data, informando dos prazos e a forma de pagamento e con indicación de que, de non efectuarse voluntariamente, *“a débeda contraída poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local...”*.

I.4. Segundo tamén se expresaba naquela notificación, contra a Resolución da Xerencia do Consorcio, que esgotaba a vía administrativa, cabía formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

I.5. No Expediente nº 11220/111 da Asesoría Xurídica Municipal (conexo co nº 146526/301 de Benestar Social) estase a tramitar perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Recurso Contencioso-Administrativo interposto por este Concello mediante acordo da XGL do 17.01.2018 contra a anterior Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a *“1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar”* [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017].



Concello de Vigo

I.6. Solicitada pola Asesoría Xurídica Municipal a acumulación da Resolución da 2ª liquidación ó referido RCA, que se tramita como procedemento ordinario PO 42/2018 pola Sección 1ª da Sala do CA do TSXG, tal pedimento foi desestimado mediante Providencia do 18.06.2018, o que determina a necesidade de interpoñer agora un RCA diferenciado a respecto desa nova Resolución.

II. DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. Polo exposto anteriormente, considérase xustificada e conforme a Dereito a interposición de recurso contencioso – administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 13.04.2018 e dase por emitido polo Asesor xurídico adxunto da Área de Benestar social, nos termos recollidos neste informe-proposta, o informe xurídico previsto nos Arts. 54.3 do TRRL e 221.1 do ROF, segundo os que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, de ser o caso, da Asesoría xurídica e, en defecto destes, dun Letrado.

II.2. É competente para acordar da interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 19.06.2015 (BOP nº 133, do 14.07.2015) de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Interpoñer recurso contencioso – administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 13.04.2018 pola que se aprobou a “*2ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*” [liquidacións núms. 630/2017, 605/2017 e 631/2017], con base nos mesmos motivos que serviron de fundamento ó requirimento previo de anulación/revogación e á interposición de recurso contencioso-administrativo fronte á 1ª liquidación semestral 2017 (Exps. núms. 146526/301 e 11220/111; RCA PO 42/2018).

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo e do expediente administrativo de referencia (Exp. nº 147833/301) á Asesoría xurídica municipal para os efectos indicados».

Con todo, a Xunta de Goberno Local, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(739).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO. EXPTE. 8447/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 6/07/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de xullo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación criterios subxetivos	Puntuación fórmulas	Total Puntuación
SMG Iberia	21	51,92	72,92
Acelec	6	60,5	66,5

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG Iberia, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 987,46 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

4(740).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA DE INFANCIA E FAMILIA. EXPTE. 150888/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 6/07/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de xullo de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2018, da FUNDACIÓN ALDABA, por superar o orzamento base de licitación establecido no apartado 3.A do Anexo I- FEC (Orzamento base licitación: 2.581.689,36 euros), consonte ao previsto na cláusula 5.6 da PCAP (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluída”).

Segundo.- “Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) na seguinte orden descendente:

Licitador	Puntuación total
CLECE S.A.	90,50

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6.E do Anexo I- FEC.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1927,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(741).- MEMORIA VALORADA CORRESPONDENTE A TRABALLOS DE REPARACIÓN DA SUPERFICIE DE CINCO PISTAS DE TENIS (Nº 5, Nº 6, Nº 8, Nº9 E Nº 10) DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL. EXPTE. 17494/333.

Visto o informe xurídico do 04/07/18 e o informe de fiscalización do 06/07/18, dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A redacción da memoria valorada obxecto do presente expediente, responde á petición realizada dende a Concellería de Deportes á Oficina de Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo.

2.- A tal efecto, de acordo con programa de usos e necesidades da Concellería de Deportes, en especial no que atinxe á reparación de cinco pistas de tenis no complexo polideportivo de Samil.

3.- Esta memoria valorada que se xunta ao expediente 17494-333, foi redactada polos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, ambos os dous adscritos á Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo e ten un orzamento base de licitación, IVE incluído, de setenta e catro mil trescentos coarenta e seis euros con vinte e un céntimos -74 346,21 €-. O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS meses.

4.- Os traballos a executar consisten en:

- LIMPEZA DE ALTA PRESIÓN en cada unha das sete pistas cunha superficie aproximada de 18,00 x 36,00 = 648,00 m² cun pavimento tipo GreenSet.

- GRANALLADO: nas zonas nas que existe unha capa de resina precisarase da execución dun granallado da superficie para conseguir a eliminación deste tipo de material e o saneado da base.

- APLICACIÓN DE RESINA GREEN SET GRAND PRIX EN COR VERDE:

subministro e aplicación de revestimento GreenSet Grand Prix. superficie clasificada pola Federación Internacional de Tenis (ITF) con categoría 3 Medium e COR (Coeficiente de Restitución) de 35 e 36 con test de laboratorio acreditado pola ITF, con todos e cada un ds produtos empregados con COV inferior a 11 gr/l, cunha resistencia á fricción superior ós 10.000 pases / roces. Resistencia á luz do sol (simulado en laboratorio) de QSun despois de



Concello de Vigo

500h con un DE <2. Resistencia ó lume clasificación oficial Euroclass de A1FL s1, o A2FL s1, o BFL s1.

Inclúe a execución dunha primeira capa de prebase para a preparación e reparación de pequenas imperfeccións e pequenos charcos existentes na base asfáltica, e aplicación posterior de 3 capas de resina acrílica concentrada de alta resistencia e durabilidade, composta de microgranos de alta densidade, pigmentados en masa e estruturados en profundidade, aplicada con dúas capas GreenSet Base e unha capa GreenSet Finish. Inclúe o trazado das liñas de xogo de tenis con resina GreenSet White Line, antideslumbrante e antiesvarante, para pistas de Tenis.

A empresa instaladora acreditará a solvencia técnica e acreditación do persoal que executará os traballos acreditando a posesión dun certificado de "Two Star Recognition Certificate" de ITF en "Hard Court". Cantidad aprox de produto concentrado aplicada: 4, 14kg/m²

- REINSTALACIÓN DE CANALETAS E DE MATERIAL DEPORTIVO: unha vez executada a reparación das pistas procederase á reposición de novas reixas superiores nas canaletas existentes e á instalación do novo equipamento deportivo (postes, redes, etc).

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras. No que respecta á supervisión do proxecto, trátase dun trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 500.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade (art. 235 LCSP). Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable. No caso que os ocupa, pola contía e características da obra proposta, non é preceptiva a emisión do informe de supervisión.

II.- A memoria valorada, segundo resulta do propio contido, foi redactado polos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal e cumpre cos obxectivos da actuación proposta. Tamén, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto.

III.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 231 LCSP), que de acordo coa disposición adicional 2^a da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

IV.- Aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 LCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a **"MEMORIA VALORADA CORRESPONDENTE A TRABALLOS DE REPARACIÓN DA SUPERFICIE DE CINCO PISTAS DE TENIS (No5, No6, No8, No9 E No10) DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL"**, que foi redactada polos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal, ambos os dous adscritos á Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo e ten un orzamento base de licitación, IVE incluído, de setenta e catro mil trescentos coarenta e seis euros con vinteún céntimos -74 346,21 €-. O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(742).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS "ACHÉGATE AO DEPORTE" 2018-2019. EXPTE. 2043/611.

Visto o informe xurídico do 25/06/18 e informe de fiscalización do 04/07/18, dáse conta do informe-proposta do 25/06/18, asinado polo director técnico de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 12 de Marzo emítase informe de necesidade do técnico de deportes.

Con data 12 de Marzo o Concelleiro delegado de Deportes dicta resolución de inicio de expediente.

Con data 19 de Abril realízase informe técnico ca proposta do contido do programa así coma as bases de selección das Entidades Colaboradoras, con data 19 de abril firmase polo director técnico do servizo de deportes e con data 20 de Abril firmase polo Concelleiro de Deportes.

Con data 22 de Xuño modifícase o Informe proposta, as Bases de selección e o Convenio de colaboración en relación os criterios manifestados polo servizo de asesoría xurídica.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local artigo 25 2.1) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de, de racionalización e Sostenibilidade da administración Local.

Lei 5/1997, de administración local de Galicia artigo 80.2. n) , *actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre*.

Lei 10/1990 , do 15 de outubro , do Deporte.

Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, *entre outros fins reflicte, fomentar, promover, e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas*.



Concello de Vigo

Lei 15/2015, do 24 de decembro.

Ley 40/2015, de 1 de octubre de réximen do sector público, nos seus artigos 50 e 48.6.

3. CONTIDO XERAL DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2018-2019”

A Concellería de Deportes, ten como obxectivo principal a Promoción e difusión do Deporte no eido da cidade de Vigo, co obxecto de dar cumprimento a lexislación sectorial específica en materia de deporte. Co fin de fomentar e difundir a promoción do deporte na iniciación deportiva propónse a realización do Programa Municipal de Escolas deportivas .” Achégate ao deporte 2018-2019”, vinculado as entidades deportivas da Cidade as cales son o vehículo de dinamización do deporte dentro do tecido socio deportivo. A través das cales se dá cumprimento ao programa a través dun convenio marco de Colaboración deste xeito dinamízase a actividade deportiva no entorno dos Entes deportivos. As entidades deportivas son a orixe da actividade deportiva e polo tanto a administración debe complementar dentro do ámbito das súas competencias a función subsidiaria que lle corresponde. No obstante as entidades que participen no Programa deben cumprir uns requisitos xerais mínimos para poder formar parte do mesmo, tales como.

Que veñan desenvolvendo con anterioridade e regularidade as súas propias escolas e contén con medios humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas.

Estar arraigadas no tecido social do entorno ou vinculación con él.

As entidades deportivas que participan reúnen uns criterios mínimos de calidade para o desenvolvemento e ampliación da súa propia oferta deportiva.

Cumprir cos requisitos administrativos que permita ter relacións coa administración e que permita recibir as aportacións correspondentes obxecto do convenio.

Os obxetivos xerais que se pretenden co programa son os seguintes:

- Conquerir unha mellora da calidade da oferta deportiva.
- Potenciar a promoción e a práctica deportiva dos deportes minoritarios. Atender as novas demandas sobre a práctica deportiva que se propoñen nas idades que abrangue o programa.
- Potenciar o acceso a práctica deportiva as persoas con discapacidade.
- Consolidar unha oferta de competición recreativa para todos os nen@s que se atopan no desenvolvemento do programa.
- Fomentar e dinamizar a formación dos técnicos deportivos.
- Mellorar a calidade docente.
- Dinamizar a actividade deportiva nos colexios.
- Potenciar e promover o traballo das Entidades na promoción das súas modalidades deportivas.
- Dinamizar a prevención da saúde d@s deportistas.
- Fomentar hábitos deportivos saudáveis e actitudinais n@s nen@s dende as primeiras idades.
- Dinamizar a práctica deportiva cara a súa práctica na idade adulta
- Promoción do deporte en igualdade.

Co fin de alcanzar estes obxetivos o Programa Municipal de Escolas Deportivas para o período 2018-2019, desenvolverá os seguintes apartados:

- . Escolas deportivas, de iniciación e perfeccionamento, a través das entidades deportivas do tecido asociativo
 - . Dinamización de actividades a través de tres Proxectos: “Gañamos todos”, “Educa”, “Falemos co Alcalde” e “Dia da Muller”
 - . Programas de iniciación deportiva,. Novas demandas. Cursos de iniciación deportiva.
 - . Desenvolvemento de actividades puntuais lúdico recreativas como : festa do día do patín, festa do día da ximnasia rítmica, festa do Deportes de Combate, torneos de nadal, xornada de nadal de portas abertas o deporte.
 - . Desenvolvemento de competicións internas como: competición de minibalonman, competición de fútbol 7, competición de baloncesto- liga linco, liga xl linco e outras que se determinen coas mesmas características.
 - . Xogo e competición deportiva. Competicións deportivas recreativas.
 - . Deporte para discapacitados físicos e psíquicos.
 - . Desenvolvemento de actividades formativas para os monitores das escolas deportivas.
 - . Promover a continuidade do traballo realizado nas escolas deportivas das entidades
- O desenvolvemento do Programa realizarase mediante a sinatura dun Convenio marco de Colaboración segundo se adxunta no informe das bases do mesmo.

4.- FINANCIAMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2018-2019.

Para o desenvolvemento orzamentario do Programa para a tempada 2017-2018 realizarase con cargo a partida 3420.226.09.01 cuxo importe ascende a 300.000,00 euros.

Para o desenvolvemento, plantéxase a necesidade de recursos económicos para poder afrontar-lo desenvolvemento dos proxectos de convenios de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades colaboradoras como compensación polas contraprestacións que as mesmas aportan de forma indirecta o proxecto xeral e que ademais sirva esta contraprestación económica como colaboración a financiación das necesidades das entidades para poder garantir-la calidade do programa e facilita-la accesibilidade o maior número de nenos e nenas interesados en iniciarse nalgunha modalidade das ofertadas.

Ante estas características e tendo en conta os gastos realizados no orzamento 2017 e no orzamento 2018:

Gastos en recursos xerais	Gasto ano 2017 (4600 inscritos)	Gasto ano 2018 (estimación 4800 inscritos)
Seguro de cobertura médica (anual):	17.997,00 €	17.997,00 €
Seguros actividades vencelladas o Programa	1.800,00 €	5.000,00 €
Material clausura de escolas:	14.381,71 €	15.000,00 €
Material Deportivo de escolas	13.797,25 €	5.533,68 €
Asistencia Técnica	6.250,04 €	6.250,04 €
Libro de información programa de escolas(estimación):	6.858,16 €	7.500,00 €



Concello de Vigo

TOTAL		61.084,06 €	(estimación) 57.280,72 €
Convenios coas entidades deportivas:			
Programa Municipal 2016-2017	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2017:	90.378,00 €	
	Período: Abril /maio 2017:	61.092,00 €	
Programa Municipal 2017-2018	Período: Outubro/ Novembro/ Decembro 2017:	87.264,00 €	
	Período: Xaneiro/Febreiro/Marzo 2018:		92.226,00 €
	Período: Abril /maio 2018 (estimación):		(estimación)61.484,00 €
Programa Municipal 2018-2019	Período: Outubro /Novembro/ Decembro 2018 (estimación):		(estimación)89.009,28 €
TOTAL		238.734,00 €	242.719,28 €
TOTAL		299.818,06 €	300.000,00 €

Ante os gastos realizados durante o ano 2017 e o ano 2018, plantéxase

Gastos estimados do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2018-2019.

Para o Programa Municipal de Escolas deportivas 2018-2019 propónse manter as aportacións económicas para os Convenios nos importes establecidos o ano pasado.

- Escolas programa anual	6,00 €/alumno mes.
- Módulos grupos especiais	120,00€/mes
- Colaboración de Técnicos deportivos na coordinación das Escolas Deportivas.	390,65€/técnico/mes.

En relación o número de inscritos dos últimos anos detállase que

ano	inscritos	Incremento
2012-2013	3940	--
2013-2014	3850	-2,28 %
2014-2015	3945	+2,46 %
2015-2016	4230	+7,22 %
2016-2017	4596	+8,6 %
2017-2018	4600	0,09%
2018-2019	PREV 4692	PREV +2.0 %

En relación o importe dos convenios cas entidades deportivas detállase:

ano	Importe en convenios	Incremento
2013-2014	176.202,00 €	--
2014-2015	180.060,40 €	+2.18 %
2015-2016	195.806,00 €	+8,74 %

2016-2017	238.170,00 €	+21,63 %
2017-2018	238.734,00 €	0,23%
2018-2019	243.508,68 €	PREV +2.0 %

Para a realización dunha previsión, e tendo en conta que a inscrición pode aumentar con motivo da solicitude de novas modalidades deportivas, instalacións deportivas ou aumento de entidades deportivas solicitantes, estímase esta previsión nun aumento nun máximo de 2 %, nos inscritos relacionaríase con 4692 inscritos, e o aumento no importe do presuposto para convenios será de 243.508,68 €

Un aumento de este 2 % suporía un importe total na aportación económica para os Convenios de 243.508,68 € (período Oct+Nov+Dec 89.009,28 €, período Xan, Feb, Mar, Abr, May 154.499.40 €).

O apartado de costes xerais do programa (seguros de accidentes, publicidade, material deportivo e regalos promocionais) corresponde cunha estimación de 59.520,72 € no Programa do 2017-2018. Este importe veríase afectado ca estimación de aumento na inscrición en relación co número total de inscristos que para o ano 2018-2019 do 2%, provocando unha redución dos gastos xerais a 56.491,32 €

O importe total estimado para convenios de 243.508,68 € e o importe estimado de gastos xerais de 56.491,32 €, resultaría un total de 300.000,00 €. Esta cantidade está dentro do importe destinado na partida orzamentaria de "escolas deportivas" 3420.226.09.01 que no ano 2018 recolle 300.000,00 €.

Plantéase a seguinte previsión de gastos en función da tempada proposta nesta memoria, tendo en conta que sempre é unha previsión estimativa que pode sufrir variacións en función da demanda que exista, e entendendo que o número máximo de inscritos que ten o programa é de 5.000. O total das certificacións relativas a estes convenios non poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria e un aumento do gasto en convenios suporá unha redución nos importes destinados a gastos xerais do programa.

Co motivo do carácter plurianual do Programa Municipal de Escolas deportivas entre 2018-2019, para a aportación económica dos convenios cas Entidades deportivas dos meses correspondentes de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio dentro dos presupostos de 2019 corresponderá a un importe estimado de 154.499,40 € .

Atendendo ao exposto, a distribución dos gastos queda do seguinte xeito:

	Presuposto 2018	Presuposto 2019		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2018	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar,Abril,Maio 2019)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo 2019)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2019. (Previsión



Concello de Vigo

				Programa 2019-2020)
TOTAL 2018-2019	89.009,28 €	154.499,40 €	56.491,32 €	89.009,28 €
TOTAL Programa	300.000,00 €			

5. – PROPOSTA

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización do expediente, a aprobación de:

PRIMEIRO: Aprobación do Programa Municipal de Escolas deportivas Achegate ao Deporte 2018-2019, as bases de presentación de proxectos, o Convenio marco de colaboración e os seus anexos, para o ano 2018-2019.

SEGUNDO: Habilitar ao Concelleiro de Deportes, D. Jose Manuel Fernández Pérez, para asinar o convenio marco de colaboración.

TERCEIRO: Aprobar e autorizar o gasto con cargo á partida 3420.226.09.01 por un importe de 89.009,28 € con imputación ó orzamento para o actual ano 2018, e de 154.499,40 € con cargo ó presuposto do ano 2019 nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio, de 89.009,28 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro, e de 56.491,32 € para os gastos xerais do Programa, unha vez aprobados pola xunta de goberno para sufragalos gastos derivados da execución do Programa Municipal de Escolas deportivas para a tempada 2018-2019. O que fai un importe total do Programa de 300.000,00 euros.

	Presuposto 2018	Presuposto 2019		
Tempada	Gastos establecidos no convenio para tres meses: Outubro, Novembro, Decembro 2018	Gastos establecidos no convenio para cinco meses: Xan, Feb, Mar, Abril, Maio 2019)	Gastos xerais (Seguro, publicidade, material clausuras e material deportivo 2019)	Gastos establecidos no convenio para 3 meses Outubro, Novembro e Decembro 2019. (Previsión Programa 2019-2020)
TOTAL 2018-2019	89.009,28 €	154.499,40 €	56.491,32 €	89.009,28 €
TOTAL Programa	300.000,00 €			

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(743).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLO DESENVOLVEMENTO DO “RALLYE RÍAS BAIXAS 2018”. EXPTE. 17205/333.

Visto o informe xurídico do 02/07/18 e o informe de fiscalización do 09/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 02/05/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor da Escudería Rías Baixas en relación á celebración do Rallye Rías Baixas 2018, que se celebran na cidade de Vigo os días 11 e 12 de maio de 2018.

O evento terá lugar entre os días 11 e 12 de maio de 2018.

O evento, organizado pola entidade Escudería Rías Baixas, entidade que posúe os dereitos da competición, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

D. Fernando Mouriño Sio, Presidente da entidade organizadora e posuidor dos dereitos do evento na cidade de Vigo manifesta que a súa entidade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación do devandito evento na cidade de Vigo. (Achégase a documentación acreditativa no expediente).

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O servizo de deportes dispón do crédito necesario de 40.000,00 €, na aplicación 3410.489.0001 do seu vixente orzamento.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Rallye Rías Baixas 2018, segundo o presuposto presentado pola entidade Escudería Rías Baixas, ascenden a un total de 119.800,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.0001 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 40.000,00 (Corenta mil euros), para o "Rallye Rías Baixas 2018"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que a Escudería Rías Baixas, CIF G36645398 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.



Concello de Vigo

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 119.800,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan no anexo II deste convenio por importe de 40.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 33,39% do total do gasto previsto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei, e o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “Rallye Rías Baixas 2018” que se celebra na cidade de Vigo os días 11 e 12 de maio de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Escudería Rías Baixas, é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Escudería Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17205/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- . Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- . Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- . Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Concello de Vigo

- . Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
 - . A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
 - . Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - . Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 - . Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - . En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.
- g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Escudería Rías Baixas non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17205/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o texto da proposta de adxudicación da subvención, que se achega no expediente, a favor da Escudería Rías Baixas, CIF G36645398, pola organización



Concello de Vigo

do Rallye Rías Baixas 2018, que se celebra na cidade de Vigo os días 11 e 12 de maio de 2018, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo “Rallye Rías Baixas 2018” que se celebra na cidade de Vigo os días 11 e 12 de maio de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Escudería Rías Baixas, é a entidade que posúe os dereitos da competición, que conta ademais cunha previsión de gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que a Escudería Rías Baixas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17205/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 1 de decembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- . Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- . Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- . Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- . Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- . A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- . Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 - . Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan



Concello de Vigo

as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 40.000,00 euros, a favor da Escudería Rías Baixas, CIF G36645398, con cargo á aplicación presupostaria 3410.489.0001 do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(744).- PROXECTO DE CONVENIO COA COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO (ARVI) NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO PARA O ANO 2018. EXPTE. 14949/77.

Visto o informe de fiscalización do 06/07/18, dáse conta do informe-proposta do 3/07/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, mediante escrito achegado no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 8 de febreiro de 2018 (DOC.180021569,) solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto de apoio ao “Festival “Vigo SeaFest”, instrumentará a realización do festival, achegando a seguinte documentación:

- solicitude do Consello Reitor da entidade para o inicio do convenio coa Concellería de Emprego
- inscrición da acta da Asemblea Xeral da entidade no Rexistro provincial de Cooperativas da Xunta de Galicia
- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 23/01/2018.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 23/01/2018.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 23/01/2018.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración xurada de non ter solicitado ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para fomento do emprego á entidade.
- memoria do Proxecto e orzamento.

II. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.4700002 “Feira Vigo Industria Pesqueira”, por importe de 105.000,00 €.

A iniciativa conta co apoio da Deputación de Pontevedra, que colaborará cunha aportación de 50.000,00 €, conforme ao convenio aprobado mediante acordos da Xunta de Goberno Local de data 26/04/2018 e de modificación de data 31/05/2018; e aprobado pola Deputación de Pontevedra mediante Resolución presidencial de data 06/06/2018.

III. En data 15/02/2018 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.



Concello de Vigo

IV. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 09/04/2018 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

V. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do evento subvencionado (2018), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre 1 de xuño de 2018 e o 15 de agosto de 2018, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos.

Pola outra parte, asinará o convenio don Francisco Javier Touza Touza, coma Presidente da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo (ARVI), con DNI 36.059.688-N, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Indícase a tal efecto que o artigo 25.2.h) e i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa ao presente convenio, en materia de turismo e feiras.

O convenio reflicte que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, propuxo no ano 2017 celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita do mesmo xeito que a correspondente ao presente ano, representa unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido do festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.



Concello de Vigo

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 155.000,00 € imputaranse con cargo á partida nominativa 2410.4700002 "Feira Vigo Industria Pesqueira", dos que 105.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018 e 50.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra, conforme ao convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación

deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

VII. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Fundación Secretariado Xitano está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.



Concello de Vigo

VIII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

IX. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 155.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700002 “Feira Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018 e 50.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra, conforme ao convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra e, comprometer o mesmo a favor da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.

TERCEIRO: Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, Don Francisco Javier Touza Touza, como Presidente da Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), con CIF: F36608131, e enderezo social en Porto Pesqueiro, Edif. Cooperativa de Armadores de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial do sector pesqueiro, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento



Concello de Vigo

das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a consolidación e a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verano coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido dos festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional, xa que estes festivais teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Vigo como destino turístico.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade comercializadora e exportadora, a Festival “Festival ARVI do Peixe “Vigo SeaFest””, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos nacionais e internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os consumidores poidan acceder a un produto

fresco e de calidade, no que a variedade é un factor fundamental para unha alimeNtación saudable.

Do mesmo xeito, a Festival “Vigo SeaFest”, funciona como un importante motor de promoción dos produtos de pescado fresco nun entorno lúdico festivo, contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas armadoras localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas armadoras asociadas a ARVI, descargan unhas 800 mil toneladas de peixe ao ano e da pesca dependen máis de 32 mil postos de traballo na cidade e a súa área.

- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección nacional e internacional da cidade, a celebración do Festival “Vigo SeaFest”, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos do público asistente e que nos 3 días da feria do ano 2017, supuxo a pesenza de 72.000 visitantes, dos que 16.000 foron de Galicia e o resto do estado, e 4.000 extranxeiros, co que se lle deu un importante apoio ao sector hosteleiro, e gastronómico e se deu a coñecer as posibilidades da pesca desde o punto de vista da sostenibilidade.

Calcúlase que a celebración de Festival “Vigo SeaFest” é un dos escasos períodos do ano, xunto con outras feiras de carácter internacional, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “Vigo SeaFest” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio:
 - Durante a celebración do festival “Vigo SeaFest”, se prevé a creación de 65 empregos directos relacionados co deseño, montaxe, limpeza, seguridade e persoal de hostalería, e un emprego indirecto dunhas 105 persoas relacionado cunhas 13.500 pernoctacións, e máis de 540.000 € en gastos relacionados coa hostalería e os servizos na cidade e unha participación de cando menos 85.000 visitantes.

MANIFESTAN

I.- Que a Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 8 de febreiro de 2018 co nº de documento 180021569, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a sostenibilidade e a innovación no sector pesqueiro
- c) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.



Concello de Vigo

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por sexo:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017		
Desemprego	Homes	Mulleres
23.808	10.238	13.570

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
23.808	375	2.737	1.548	27.276	1.972

- *Datos correspondentes a marzo de 2018, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos pesqueiros, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2018, para o desenvolvemento dun convenio coa Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é apoiar a celebración do festival de produtos do mar “Vigo SeaFest”, no que se prevé a asistencia de 85.000 visitantes dos que aproximadamente o 13% serán extranxeiros.

V.- Que Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, o Concello de Vigo e a dita entidade ARVI

conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeira.- É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival “VIGO SEAFEST”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Consolidar o festival “VIGO SEAFEST”, como o gran festival da cidade na súa referencia ao mar e a pesca.
- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.
- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

Segunda.- A “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas aos produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

1. O fomento do emprego derivado directamente da organización do festival “VIGO SEAFEST” e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe nas datas previas á celebración do festival, durante o festival e posteriormente na desmontaxe. O festival “VIGO SEAFEST”, prevé a mobilización de preto de douscentos traballadores entre o persoal contratado directamente pola organización e o contratado polas empresas de hostelería e servizos
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Nas oficinas administrativas da cooperativa e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e no que constará a financiación do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra como patrocinadores das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.



Concello de Vigo

6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Terceira.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- . Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- . Respetar a estrutura organizativa de “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.
- . Conceder directamente á “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” unha subvención total por importe de 155.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Festival Vigo Industria Pesqueira”, dos que 105.000 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017 e 50.000 € á aportación da Deputación de Pontevedra, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Cuarta.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Sexta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétima.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata a porcentaxe máxima do 90% dos gastos obxecto desta subvención.

Oitava.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas da asinante do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Novena.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vogais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - b) Dous membros da Xunta directiva da entidade “Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)”.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:



Concello de Vigo

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo primeira.- A beneficiaria, antes do **1 de setembro de 2018**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitude de abono da subvención.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica que deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

– As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo segunda.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

Décimo terceira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xuño de 2018 e o 15 de agosto de 2018, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da Festival.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo cuarta.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo oitava.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Personal.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

Décimo novena.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola C“Cooperativa de Armadores de Pesca del puerto de Vigo (ARVI)” no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Vixésima.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.

9(745).- PRÓRROGA DA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 8268/224.

Dáse conta do informe-proposta do 9/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica da Área e a concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 16 de febreiro de 2018 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. Y1365132G onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-7, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. Y1365132G e o seu fillo, a ocupase por un período de 6 meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 1/03/2018.

Desde o día 2 de marzo de 2018 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No



Concello de Vigo

informe de seguimento que emite este equipo municipal en 27 de xuño de 2018 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a tres meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 por un período máximo de 3 meses de duración a contar desde o día 2 de setembro de 2018 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 8268/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(746).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR- AÑO 2018(3º). EXPTE. 102674/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegr o	S/ a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201800005650	9200.2260300	12.000,00	11.986,39	10/01/18	21/05/18	10/04/18	13,61	—
Barbará Rodríguez Beatriz	201800022155	9200.2260300	18.000,00	17.987,76	02/03/18	06/06/85	02/06/18	12,24	---
Espada Recarey Luis	201800024944	9250.2230000	700,00	56,87	13/03/18	14/06/18	13/06/18	643,13	—
Espada Recarey Luis	201800024945	9250.2260100	500,00	198,00	13/03/18	14/06/18	13/06/18	302,00	---
Fernández Fernández Paz	201800005652	2310.4800000	150.000,00	146.111,52	10/01/18	13/04/18	10/04/18	3.888,48	—
García Álvarez Luis	201800008397	9200.2219902	500,00	220,95	19/01/18	02/04/18	19/04/18	279,05	---
García Álvarez Luis	201800016967	9201.1620001	3.030,00	3.030,00	22/02/18	01/03/18	22/05/18	0,00	---
Núñez-Torrón	201800008406	2310.7800000	15.000,00	14.068,67	22/01/18	14/05/18	22/04/18	931,33	—

López Jesús										
Vega Andión Oscar Miguel	201800046573	9200.2200100	235,33	235,33	24/05/18	07/06/18	24/08/18	0,00	—	
Vieites Alén José Manuel	201800014041	9200.2260300	12.000,00	11.996,94	05/02/18	05/06/18	05/05/18	3,06	----	
Vieites Alén José Manuel	201800022754	9200.2090000	6.400,00	6.400,00	08/03/18	01/06/18	08/06/18	0,00	—	
TOTAL			218.365,33	212.292,43				6.072,90		

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201800005650, 201800022155 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201800005652 de Fernández Fernández Paz, 201800008406 Núñez-Torrón López Jesús e 201800014041 de Vieites Alén José Manuel.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201800005650 e 201800022155 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201800005652 de Fernández Fernández Paz, 201800008406 de Núñez-Torrón López Jesús e 201800014041 de Vieites Alén José Manuel non se rendiron no prazo establecido.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes.



Concello de Vigo

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegr o	S/ a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201800005650	9200.2260300	12.000,00	11.986,39	10/01/18	21/05/18	10/04/18	13,61	—
Barbará Rodríguez Beatriz	201800022155	9200.2260300	18.000,00	17.987,76	02/03/18	06/06/85	02/06/18	12,24	---
Espada Recarey Luis	201800024944	9250.2230000	700,00	56,87	13/03/18	14/06/18	13/06/18	643,13	—
Espada Recarey Luis	201800024945	9250.2260100	500,00	198,00	13/03/18	14/06/18	13/06/18	302,00	---
Fernández Fernández Paz	201800005652	2310.4800000	150.000,00	146.111,52	10/01/18	13/04/18	10/04/18	3.888,48	—
García Álvarez Luis	201800008397	9200.2219902	500,00	220,95	19/01/18	02/04/18	19/04/18	279,05	---
García Álvarez Luis	201800016967	9201.1620001	3.030,00	3.030,00	22/02/18	01/03/18	22/05/18	0,00	---
Núñez-Torrón López Jesús	201800008406	2310.7800000	15.000,00	14.068,67	22/01/18	14/05/18	22/04/18	931,33	—
Vega Andiñón Oscar Miguel	201800046573	9200.2200100	235,33	235,33	24/05/18	07/06/18	24/08/18	0,00	—
Vieites Alén José Manuel	201800014041	9200.2260300	12.000,00	11.996,94	05/02/18	05/06/18	05/05/18	3,06	----
Vieites Alén José Manuel	201800022754	9200.2090000	6.400,00	6.400,00	08/03/18	01/06/18	08/06/18	0,00	—
TOTAL			218.365,33	212.292,43				6.072,90	

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(747).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 2415/334.

Dáse conta do informe-proposta do 4/07/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleirad e Igualdade, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de xuño de 2018.

Expediente	2395-334. Realización de 2 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>-No verán... un conto-</i> (1 actividade) e <i>-Libros ao sol-</i> (1 actividade)
Decreto concelleira	data 11 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 51026
Adxudicatario	Ernesto Suárez Is
Importe	470,00 euros

Expediente	2397-334. Realización de 2 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>-No verán... un conto-</i> (1 actividade) e <i>-Libros ao sol-</i> (1 actividade)
Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 53420
Adxudicatario	Francisco Manuel Cerdeira Castiñeiras (nome artístico: Pakolas Gominolas)
Importe	847,00 euros

Expediente	2398-334. Realización de 4 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>-No verán... un conto-</i> (1 actividade), <i>-Vigo arrólate-</i> (2 actividades) e <i>-Libros ao sol-</i> (1 actividade)
Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 53421
Adxudicatario	María Soledad Felloza
Importe	792,00 euros

Expediente	2399-334. Realización dun total de 5 contadas (3 para o programa <i>-No verán... un conto-</i> , 1 para o programa <i>-Vigo arrólate-</i> e 1 para o programa <i>-Libros ao sol-</i>)
Decreto concelleira	data 22 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 54355
Adxudicatario	María Carmen Álvarez Alonso (nome artístico: Mai Lúa)
Importe	858,00 euros



Concello de Vigo

Expediente	2400-334. Realización de 4 sesións didáctico-prácticas de improvisación oral (regueifa). actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas no programa <i>-No verán... un conto-</i>
Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 53511
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	450,00 euros

Expediente	2401-334. Realización de 2 percorridos literarios polas praias e os parques de Castrelos e o Castro entre os meses de xuño a outubro deste ano 2018
Decreto concelleira	data 22 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 54356
Adxudicatario	MUNDO DETRÁS DEL MARCO, S.L. (Editorial Elvira)
Importe	300,00 euros

Expediente	2402-334. Realización de 6 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>-No verán... un conto-</i> (5 actividades) e <i>-Libros ao sol-</i> (1 actividade)
Decreto concelleira	data 22 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 54471
Adxudicatario	"VAIMILLOR" asociación cultural e de lecer
Importe	1.089,00 euros

Expediente	2404-334. Realización de 9 actividades de normalización da lingua galega no verán de 2018 incluídas nos programas <i>-No verán... un conto-</i> (5 actividades), <i>-Vigo arrólate-</i> (2 actividades) e <i>-Libros ao sol-</i> (2 actividades)
Decreto concelleira	data 22 de xuño de 2018
Informe Intervención	RC 54472
Adxudicatario	Muidiño, Sociedade Cooperativa Galega (nome artístico: Cé, orquestra pantasma)
Importe	3.599,75 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(748).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO", PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DENSENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 8030/320.

Visto o informe xurídico do 21/06/18 e informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta do 25/05/18, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 26/04/2018, Dona Sara Mercedes García Quinteiro (DNI: 35977883H), en calidade de presidenta da "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF: V-36655017), achegou escrito (doc.180062548), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programados pola entidade para o 2018, entre os meses de novembro 2017 a outubro 2018, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a **continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**



Concello de Vigo

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2017: Expte. Núm. 7556/320
2. Ano 2016: Expte. Núm. 7351/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerá polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspondéndolle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 “Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo”, cunha dotación de 4.560,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Veciños Fonte do Galo”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 99/89, segundo resolución de data 28/06/1989.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Asociación de Veciños Fonte do Galo” para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade dende novembro de 2017 ata setembro de 2018, en definitiva para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da “Asociación de Veciños Fonte do Galo”, entre os fins da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc., e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.
- Promover cantas iniciativas conduzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.
- Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.
- Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.
- Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinación, violencia infantil e xuvenil.



Concello de Vigo

- Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2018) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 27/12/2017, inclúe expresamente a partida 9240 4800008 "*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*", cunha dotación orzamentaria de 4.560,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A "*Asociación de Veciños Fonte do Galo*", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/04/18
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/18
 - Seguridade Social, de data 26/04/18
 - Concello de Vigo, de data 26/04/18

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro (anexo III)
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Autorización expresa para a consulta de certificacións de non ter débedas (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII).

Proxecto de actividades da entidade para o ano 2018, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de novembro de 2017 a setembro de 2018 (ámbolos

dous incluídos). O orzamento de gastos de aluguer e mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (04/11/2017 - 30/09/2018)	
Aluguer local	3.800,00 €
Enerxía eléctrica	450,00 €
IBI 2018	220,00 €
Limpeza	360,00 €
Auga	500,00 €
Lixo	170,00 €
TOTAL	5.500,00 €

8. Contrato de aluguer do local social.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9



Concello de Vigo

de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2018, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 04/11/17 e o 30/09/18, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2018**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES42 2108 3258 950033249046 (BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES, SALAMANCA Y SORIA, S.A.).

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4800008 denominada "*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2018.



Concello de Vigo

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF.- V-36655017), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2018 e a realizar entre os meses de novembro de 2017 e setembro de 2018, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona Sara Mercedes García Quinteiro, con DNI 35977883H, en calidade de Presidenta da "Asociación de Veciños Fonte do Galo" (CIF : V36655017), con domicilio social na Rúa Rosalía de Castro nº 41, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8030/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das

Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das

medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- Estudio e posible solución dos problemas que poidan afectar ao seu territorio en materia de cultura, deportes, educación, urbanismo, sanidade, etc, e outros relacionados coa vida comunitaria da zona.
- Promover cantas iniciativas conduzan a solución de problemas colectivos que afecten a realización integral dos veciños como cidadáns.
- Asumir a defensa dos veciños en canto resulten afectados por calquera disposición ou actuación pública ou privada que poida considerarse prexudicial para os intereses da zona, exercitando o efecto cantas accións e xestións se consideren necesarias ante os Órganos da Administración e de Xustiza, podendo outorgar poderes necesarios para actuar na forma que se determine coas facultades que sexan usuais neste tipo de documentos.
- Recadar asesoramento e estudos técnicos, xurídicos, socioeconómicos, etc.
- Promover accións destinadas ao desenvolvemento integral dos mozos da zona de influencia da Asociación Veciñal, en especial atención a prevención da marxinación, violencia infantil e xuvenil.
- Promover dentro da Vogalía da Muller actividades de apoio a muller, dentro do marco veciñal, adicando especial atención aqueles sectores máis desprotexidos.

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 99/89.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2018, en particular, as realizadas entre o 4 de novembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento



Concello de Vigo

dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas e aluguer do seu local social.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada “*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 4.560,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2018, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (04/11/2017 - 30/09/2018)	
Aluguer local	3.800,00 €
Enerxía eléctrica	450,00 €
IBI 2018	220,00 €
Limpeza	360,00 €
Auga	500,00 €
Lixo	170,00 €
TOTAL	5.500,00 €

VII.- Que a entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Asociación de Veciños Fonte do Galo*” comprométese a colaborar coa concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Veciños Fonte do Galo*" unha subvención por importe de 4.560,00 € (catro mil cincocentos sesenta euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800008, denominada "*Convenio Asociación de Veciños Fonte do Galo*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade entre novembro de 2017 e setembro de 2018, en definitiva, para o seu fomento.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Veciños Fonte do Galo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:



Concello de Vigo

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade

subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Veciños Fonte do Galo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 04/11/2017 ata o 30/09/2018.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Veciños Fonte do Galo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2018**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.



Concello de Vigo

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias simples de facturas**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.



Concello de Vigo

- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
 - as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
 - non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
 - xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
 - cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
 - cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento
- e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.
- f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.
- g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:
- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES42 2108 3258 950033249046 (BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES, SALAMANCA Y SORIA, S.A.)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen dende novembro de 2017 ata 30/09/2018.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá



Concello de Vigo

o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2018.

13(749).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DE 2018. EXPTE. 9034/307.

Dáse conta do informe-proposta de data, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o segundo trimestre de 2018**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para as actividades preparatorias e complementarias do IV PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA:

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
8952	Redacción do proxecto e posterior limpeza e reposición de iluminación dos restos da calzada romana musealizada na rúa Oliva n.º 12	Marta Becerro Manso NIF 00785706A	9163,33
8971	Recreación histórica no Centro de Interpretación do Mundo Romano durante a campaña de verán 2018	Asociación Cultural e Recreativa Miramvicus CIF G27836618	14995
8975	Mantemento e reparación do sistema de climatización do Centro de Interpretación do Mundo Romano	EYP CIF B36682201	834,09
8983	Traslado e plantación de palmeiras ao xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos	Viveiros Adoa CIF B-36300564	8001,25
9003	Soporte técnico de sonido durante as actividades de verán previstas no equipamento municipal do CIMR de representación histórica	AUDIOVISUALES VIGO (Fernando Durán González) NIF 39510103J	1948,10
8993	Adquisición de arbustos e planta de tempada para o xardín histórico do pazo Quiñones de León-Castrelos	FEDERICO CURT MARTÍNEZ (VIVEROS JARDÍN AL MAR) NIF 22775166Z	7856
9022	Adquisición de bolardos protectores para o cruceiro de Sárdoma-Miraflores	REFORVIGO, SL CIF B-36660520	2578,63
8929	Adquisición de material funxible para o mantemento de elementos do patrimonio histórico	COMERCIAL GOBERNA CIF B3664625	3000
8901	Producción e instalación dos soportes para a sinalización do patrimonio románico de Vigo: igrexas de Coruxo, Bembrive,	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL CIF B36917201	7502



Concello de Vigo

	Sárdoma e Lavadores e as pontes de Balaídos e Sárdoma		
	IV PROGRAMA MEDIANEIRAS		
8948	Coordinación da seguridade e saúde das obras do IV PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA	Xiana Alonso Población NIF 36164339J	4356
8849	Dirección facultativa das obras do IV PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA	Alejandro Luís Sánchez NIF 36150224C	6050
8995	Atención protocolaria e de representación aos participantes no CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA	David Fariña Nieto NIF 36164399G	480
8978	Transporte de ida e volta dos escolares dende os centros educativos Illas Cíes, Altamar e Pintor Laxeiro ata a Praza da Princesa para a súa participación o día 6 de xuño de 2018 no acto da Compañía Traspediente, dentro da actividade CREA VIGO do CUARTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA	AUTNA CIF 36713089	429
8970	Programa "URBANIZARTE 2018" como actividade complementaria a desenvolver dentro do IV PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA	Juan Teixeira Vázquez NIF 53175723E	14945
8974	Adquisición do material necesario para o desenvolvemento do proxecto "DESBARRANDO NA RÚA" organizado pola Asociación de familias de persoas con parálise cerebral (APAMP) e o Concello de Vigo, actuación encadrada dentro do IV Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública	ARTE Y CERÁMICA DE GALICIA SL NIF B27712454	1212,12

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(750).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO FUNCIONARIO DE POLICÍA CON NIP 294439. EXPTE. 59305/212.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/07/18, asinado polo instructor-inspector principal da Policía Local e o concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Antecedentes

Por mor dos feitos acontecidos o 4 de setiembre de 2017 polos cales o Policía Local 294439 perdeu a pistola regulamentaria o Xefe da Policía Local informou respecto diso o 11-10-2017 e o Sr. Concelleiro de Seguridade ordenou o 13-10-2017 a incoación do expediente administrativo 56176 pola devandita perda e por se puidese incorrer o policía en responsabilidade disciplinaria.

No citado expediente noméase instrutor ao Inspector Principal Santiago Areas Villarroel e Secretario ao Inspector Ramón Pérez Álvarez.

O devandito expediente caducou sen prescribir a posible falta iniciándose un novo o 15-05-2018 con referencia 59305/212 ao cal se refire esta proposta de resolución que a continuación se detalla.

O 15-05-2018 se toma nova comparecencia ao implicado ratificándose nos mesmos términos que a anterior.

15-05-2018. Se comunica o Prego de Cargos ao implicado. Compareceu e déuselle Audiencia ao implicado para formular as alegacións correspondentes.

18-05-2018 Se comunica Proposta de Resolución ao implicado.

28-05-2018 O instructor procede coa "Dilixencia de Inclusión" solicitando ao Concelleiro-Delegado de Seguridade a inclusión na Orde do Día da vindeira Xunta de Goberno Local a Proposta de Resolución

Feitos probados

O luns 4 de setiembre de 2017 ás 14:30 horas da tarde o Policía Local de Vigo con Número de Identificación Profesional 294439 incorpórase á súa quenda de traballo nas instalacións da Xefatura da Policía Local de Vigo en plánta Soto 1 da Casa Consistorial. Instantes antes adecuouse vestindo o uniforme regulamentario nos vestiarios policiais e colleu os útiles propios do seu traballo entre os cales se atopa a súa pistola marca HK modelo USP-Compact do calibre 9 mm Parabelum. Na reunión previa habitual ao traballo diario asígnaselle o indicativo "Lince-41" adscrito á Zona-4. Está adscrito á Sección de Motoristas de Tráfico e o seu traballo consiste nos propios da Policía Local en labores de tráfico valéndose para desprazarse da motocicleta oficial con nº de frota 378.

Tras a reunión inicial saíu ao servizo de rúa co seu compañeiro motorista Policía Local 294415 con indicativo de patrulla "Lince-40". Nas cámaras de seguridade de acceso ao garaxe da Corporación coincidente co garaxe das motos policiais apréciase que porta a arma regulamentaria. O que non se pode apreciar nas imaxes é se na funda da pistola o seguro de bloqueo Sentry está activado ou non.



Concello de Vigo

O policía manifestou posteriormente que si o activó e que sistemáticamente o activa ao introducir a pistola na súa funda correspondente.

Encomendóuselles como primeiro servizo asegurar a Avenida Arquitecto Palacios no seu cruzamento coa Avenida de Castrelos porque supostamente un camión golpeou e descolocó o valado da obra.

A ruta seguida supostamente e segundo o que os 2 policía declararon, foi:

- 1.- Patio de Xefatura en Paseo Selecta
- 2.- Paseo Selecta
- 3.- Cachamuiña
- 4.- Rolda de Don Bosco
- 5.- Blein Budiño
- 6.-Venezuela
- 7.- Praza do Bicentenario
- 8.- Av. Dás Camelias
- 9.- Av. Hispanidade
- 10.- Gran Vía 11.- C/ Carmen
- 12.- Torres Quiroga
- 13.- Arquitecto Palacios
- 14.- Illote da mediana de Arquitecto Palacios no seu cruzamento con Av. Castrelos.

En metade do seu traxecto, na Avenida da Hispanidade, pasaron sobre un paso de peóns resaltado experimentando un lixeiro salto cara arriba, pois fan con prisa ao seu destino. Non fan en urxencias pero si a unha velocidade máis alta que un patrullaje convencional. Ao chegar ao final da Avda. Arquitecto Palacios estacionaron as motos nun illote central na prolongación da mediana axardinada, recolocaron os valos e balizas supostamente movidas por un camión. Eses valos de 40 cm de altura esixiron uns movementos forzados inclinándose sobre elas e facendo os esforzos correspondentes para poñelas no lugar adecuado da calzada. Algunhas deses valos teñen peso no seu interior e son dificultosas de mover. Coa dificultade engadida de que os policía están pendentes do tráfico que segue circulando mentres poñen os valos e sinalización circunstancial no seu lugar.

Pola présa que as circunstancias do tráfico requiren foron eles mesmos, os 2 policía os que recolocan a sinalización circunstancial, pois a espera pola subcontrata de sinalización API supoñería unha demora en detrimento da seguridade do tráfico.

Tras normalizarse a situación en Arquitecto Palacios dispuxéronse a retirarse do lugar para continuar co seu servizo normal de patrulla na Zona 4. Unha das motocicletas, a do policía 294439 non acendía, quizá por suposta falta de carga na batería. En vista diso e para evitar chamar ao guindastre municipal optaron por acendela empuxando a moto e tras coller carrerilla subirse e acendela en marcha metendo unha marcha co contacto posto.

Coa axuda do seu compañeiro dispuxéronse a acendela empuxando e subindo en marcha cun pequeno salto. O lugar escollido para empuxala era por un carril da vía separado da calzada principal a modo de vía de servizo e que ten unha lixeira pendente no sentido contrario ao da marcha. En dúas ocasións tivo que empuxar e saltar sobre ela para finalmente conseguir acender a motocicleta.

Tras acendela abandonaron a Avda. Arquitecto Palacios e dirixíronse á rúa de Pablo Igrexas onde pararon para tomar un café nun local comercial “Panadería Trigal” con servizo de cafetería.

Discorreron aproximadamente 15 minutos desde a Intervención en Arquitecto Palacios e dispuxéronse a seguir co servizo habitual de vixiar as zonas reservadas para carga e descarga e control do tráfico en xeral na contorna das rúas Fragoso, Pza. América, Camelias, Regueiro, Zamora.

É na rúa Zamora onde o policía 294439 decátase da falta da pistola na súa funda correspondente que colga no lado dereito do seu cinto. Así mesmo aprecia que non está posto o seguro SENTRY o cal impide que o sistema SLS desactívese só e poida caer a pistola da súa funda nun movemento brusco.

Ambos os dous policía recapacitan sobre en que lugar púidose extraviar e ambos coinciden que o máis probable era que fose ao tentar acender a moto saltando sobre ela tras recolocar os valos e balizas da obra na Av. Arquitecto Palacios.

Dirixíronse sen demora de novo ao lugar e ao chegar revisaron as balizas unha a unha, os valos unha a unha e a súa contorna así como un percorrido a pé minucioso e detallado por onde empuxaran a moto. Permaneceron no lugar uns 15 ou 20 minutos buscando sendo infrutuosa a procura.

Volveron ás instalacións policiais en Xefatura para revisar a ruta seguida desde primeira hora e en especial a Armería onde tras extraer a arma da caixa de seguridade a enfundó en fúndaa sobre o cinto do uniforme regulamentario. Resultado negativo.

Efectuaron chamada á Sala do 091 por se alguén atopase dita pistola e chamasen a Comisaría. Resultado negativo.

A Sala trasladouno ás súas Unidades en servizo para axudar á súa localización.

Informaron en persoa ao Inspector Principal xefe da quenda da perda da pistola regulamentaria, inspector principal con NIP 294124 e indicativo “Líder-6”. Seguindo as súas ordes volveron ao lugar do extravío fixándose no percorrido e facendo fincapé nun paso de peóns sobreelevado da Av. Hispanidade por se saltase ao pasar por ese paso resaltado. Resultado negativo

Volveron a Xefatura a revisar as instalacións e vestiarios (despacho de billetes incluído) para buscar novamente e descartar calquera posible descoido. Resultado negativo.

Colaboraron na procura varias unidades de Policía Local a pé pola zona de Arquitecto Palacios e leiras lindeiros por se algún transeúnte tirouna nas inmediacións.

Posteriormente dirixíronse a Comisaría de Policía para realizar a correspondente comparecencia sobre a devandita perda ou extravío da arma regulamentaria. Instruíronse as Dilixencias – Atestado 12707/17. Seguidamente presentaron copia das devanditas



Concello de Vigo

dilixencias en Xefatura para coñecemento dos superiores. Hora de inicio das dilixencias en Comisaría son as 19:47

Dilixencias de investigación

O mércores 6 de setembro de 2017 compareceu o policía 294439 ante o Oficial de Armamento 294265 con indicativo Tango 10 para deixar constancia do sucedido e facer unha análise meticoloso do acontecido.

O luns 11 de setembro de 2017 ás 12:30 compareceu ante o Oficial de Armamento 294265 con indicativo Tango 10 para realizar unhas probas sobre o sistema de seguro da funda da arma. En dicha proba sobre a mesma moto e repetindo o comportamento do día dos feitos a modo de reconstrución e cunha pistola similar na mesma funda sen alterar sucedeu o seguinte:

Proba 1. Co sistema de seguro e bloqueo activado. A pistola análoga **non caeu de funda.**

Proba 2. Co sistema de seguro e bloqueo desactivado (SLS + SENTRY) Supoñendo a moto 368 con falta de batería, **ao correr e saltar sobre a moto para acendela a pistola análoga caeu de fundaa, máis probable mesmo ao correr.** Presentes estaban ademais o policía 294415 compañeiro do policía que extraviou a arma o día dos feitos, o policía mecánico 294401 e o Oficial de Armamento 294265 "Tango-10".

Segundo declarou o policía 294415 mesmo é máis probable a caída mesmo ao correr bruscamente

A pistola asignada ao policía 294439 é a de marca HK modelo USP- Compact calibre 9mm PB, esta pistola é de canón curto. A funda da pistola é de coiro con partes plásticas e metálicas. É da marca Safariland modelo 6280 e está ancorada ao cinto do uniforme por 2 ojales oradados na propia funda por onde pasa o cinto. Pórtaa sobre a súa cadeira dereita pois este policía é destro.

O seu compoñente principal é plástico de cor negra cun feltro interior nalgunha dos seus partes.

Ten 4 seguros:

Sistema SLS (2 seguros en 1).

1º É unha tira superior a modo de asa de coiro no seu parte superior que cruza de dereita a esquerda permitindo un movemento de adiante cara atrás e viceversa segundo 2 parafusos laterais que fan as funcións de eixo horizontal.

A posición de bloqueo é na súa posición ARRIBA

A posición LIBRE é na súa posición adiantada, permitindo a introdución da pistola ou a súa extracción.

2º Este sistema para poder virarse debe empuxarse previamente cara abaixo, pois só na súa posición baixa libérase o bloqueo permitindo o desprazamento cara adiante da “correa” superior.

Sistema SENTRY

3º É unha pequena panca deslizante a modo de interruptor aloxado na parte superior do lateral esquerdo de fúndaa, pero por baixo do SLS. Cun dedo móvese á súa posición atrasada quedando desbloqueada a panca SLS anteriormente mencionada. Na súa posición adiantada queda bloqueado o SLS ARRIBA.

Cun leve toque de dedo adiántase ou se atrasa está seguro e xa se impide ou se libera o sistema SLS. Este accesorio SENTRY é o que confire o Nivel III de seguridade.

4º Un parafuso tensor que na parte inferior media da funda atravesaa de dereita a esquerda.

1.- Con data 24/05/2018, a Xefa da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de entre outros dous/dúas auxiliares de administración xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 25/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se



Concello de Vigo

aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 18/06/2018, emítase polo Técnico de organización e planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo



Concello de Vigo

(RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime Interior, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 25/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas auxiliares administrativos/as para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **22.865,98 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.019,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Arjones Torres A., con DNI *****636-H e Domínguez García P., con DNI *****567-N**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos de data 14/06/2018 optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Rexistro Xeral contidas no escrito do 24/05/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.865,98 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-



Concello de Vigo

económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Arjones Torres A., con DNI ****636-H e Domínguez García P., con DNI ****567-N**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento fíxese de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a o Rexistro Xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(754).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2018. EXPTE. 2209/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/07/18, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) nos meses de **MAIO E XUÑO**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6250/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de pequenas intervencións de conservación preventiva e restauración de obras do Museo Municipal. RCM 5895.	23/05/18	4.598,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6334/337. Servizo de comisariado da exposición "Catálogo de 1937. A colección de arte rexional na creación do museo municipal de Vigo". BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 42884.	09/05/18	3.630,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2177/341. Obra de execución de traballos de mantemento nas cubertas de Casa das Artes e reparación de acabados interiores. CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. RCM 49879.	05/06/18	26.128,98 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2196/341. Traballos de desatascado de acometida de saneamento no CAT. VIPACON, S.L. RCM 54195.	22/06/18	435,60 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2089/341. Contrato privado de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no Museo Marco. ARTAI/HISCOX. RCM 51852.	08/06/18	2.199,10 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2195/341. Contratación da redacción dun proxecto de exposición de Elena Colmeiro. ROSARIO SARMIENTO ESCALONA. RCM 55476.	22/06/18	2.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2197/341. Contratación do servizo de redacción dun proxecto de exposición de Silverio Rivas. FCO. JAVIER PÉREZ BUJÁN. RCM 55472.	22/06/18	2.117,50 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2202/341. Contratación de subministración e servizos de material gráfico das actividades da Noite Branca 2018 e tres exposicións temporais. JUAN FRANCISCO CENTRÓN CASTAÑOS. RCM 56835.	28/06/18	17.196,52 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2203/341. Servizos de redacción de proxecto, comisariado e produción xeral dunha exposición para a "Noite Branca" 2018, na Casa das Artes. ALEJANDRO NOVOA DOMÍNGUEZ (Copias de autor). RCM 57440.	28/06/18	17.143,96 €



Concello de Vigo

MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6351/337. Restauración de conxunto mobiliario do salón dourado do Museo Quiñones de León. CREA RESTAURACIÓN, S.L. RCM 55477.	22/06/18	12.322,01 €
MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6382/337. Deseño gráfico da exposición "Catálogo de 1937. A colección de arte rexional na creación do Museo Municipal de Vigo". TAMARA CASÁS ROCA. RCM 56767.	22/06/18	3.690,50 €
MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6386/337. Transporte especializado da exposición "Catálogo de 1937. A colección de arte rexional na creación do Museo Municipal de Vigo". MARÍA BARRIEGO HERNÁNDEZ. RCM 56768.	28/06/18	3.415,83 €
MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6361/337. Producción e instalación dunha lona publicitaria na Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego". DESOÑOS, S.L. RCM 57436.	28/06/18	943,80 €
MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6400/337. Montaxe da exposición "Catálogo de 1937. A colección de arte rexional na creación do museo municipal de Vigo". GALIPAT SERVICIOS CULTURALS, S.L. RCM 57539.	29/06/18	7.018,00 €
MUSEO QUIÑONE S (337)	Expte. 6396/337. Elaboración de informe histórico-artístico da obra do museo municipal "Cabezs masculina" (núm inventario 4169) do pintor vigués Verísimo Vázquez. RAQUEL NÚÑEZ CHAPELA. RCM 57437	28/06/18	1.200,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19755).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE TURISMO NOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2018. EXPTE. 7125/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 3/07/18, asinado pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento par ao ano 2018, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, Ana Laura Iglesias González, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Turismo, funcional 4320, durante os meses de abril, maio e xuño do ano 2018, que se relacionan deseguido:

CONTRATO	IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
7062-104 (N) CM Servizos Mantemento do Centro de	RCM 42338 ADM 44799 13.115,00 €	Consortio Zona Franca V36611580	07/05/18 - 31/12/18

CONTRATO		IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
Recepción de Visitantes 4320.2279903				
7041-104 (N) CM Servicios Formación turística a taxistas de Vigo 4320.2279904	RCM 31932 ADM 35927	5.720,00 €	Sociedad Cooperativa Gallega de Auto Taxis y Gran Turismo F36608743	11/04/18 - 31/12/18
7043-104 (N) CM Servicios Prestación conjunta de Servicios de Mensajería, Paquetería e Xestión de Correos 4320.2230000	RCM 31933 ADM 35930	5.000,00 €	Reparto y Gestión Urgente SL B36821494	11/04/18 - 31/12/18
7051-104 (N) CM Servicios Participar na Feria de Navalia 2018 4320.2279900	RCM 33341 ADM 35951	16.940,00 €	Muéstralo, Organización de Eventos Feriales SL B36942241	13/04/18 - 31/12/18
7059-104 (N) CM Servicios Promoción turística na Feria do Motor Andalucía y Oporto 4320.2279900	RCM 40868 ADM 44920	16.940,00 €	Eventos Motor SL B36837516	24/04/18 - 31/12/18
7060-104 (N) CM Servicios Conservación Sinalización Turística 4320.2100000	RCM 41422 ADM 43569	6.623,52 €	Api Movilidad SA A78015880	30/04/18 - 31/12/18
7065-104 (N) CM Servicios Bus turístico 4320.2279906	RCM 40900 ADM 42219	18.087,82 €	Viguesa Transportes, SL B36693778	24/04/18 - 31/12/18
7067-104 (N) CM Servicios Promoción de Vigo en Valencia fase ascenso Celta Zorka 4320.2279904	RCM 40901 ADM 41772	17.951,56 €	Bosco Club Deportivo G36692317	24/04/18 - 31/12/18
7109-104 (N) CM Servicios Limpeza das Instalacións Turísticas 4320.2270000	RC 54193 AD 57615	6.286,28 €	Mantelnor Limpiezas SLU B15857220	20/06/18 - 31/12/18
7112-104 (N)	RCM 54451	5.792,75 €	Fundamar	21/06/18



Concello de Vigo

CONTRATO	IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
CM Servizos Promoción Rutas Guiadas Special Olympics 4320.2279904	ADM 56266	G27745397	

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(756).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS FICHAS TÉCNICAS “INDICADORES DE TRANSPARENCIA” COMO MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA TRANSPARENCIA E O BO GOBERNO. EXPTE. 376/1102.

Dáse conta do informe proposta de data 6 de xullo de 2018 asinado pola secretaria de Goberno local e o concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno supuxo o establecemento dunha serie de novas obrigas en materia de publicidade activa para o conxunto das Administracións Públicas e, en particular, para as Entidades Locais.

A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os principios fundamentais de toda acción política, reforzando así a confianza da cidadanía mediante o acceso á información relativa á actividade da Administración; información que será máis valiosa canto máis actualizada e con maior accesibilidade se presente, para garantir a súa calidade.

Cumprindo co prazo de dous anos que prevía a Lei para que as Administracións Locais se adaptasen ao seu contido, en decembro de 2015 foi posto en funcionamento o Portal de Transparencia do Concello de Vigo, no que se recollía non só a información de obrigada publicación nos termos sinalados nos artigos 6 a 8 da normativa, senón indicadores voluntarios no obxectivo de achegar o funcionamento e organización da entidade á súa veciñanza, no marco das políticas de goberno aberto.

Deste xeito, a través do Portal de Transparencia (<http://transparencia.vigo.org>) o Concello de Vigo dá cumprimento das obrigas en materia de publicidade activa derivadas da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, ao tempo que utiliza a dita ferramenta como unha vía de comunicación aberta en continuo proceso de actualización e revisión.

Pode dicirse que o Concello de Vigo non limita o seu compromiso coa sociedade ás obrigas legais, senón que somete a súa actividade a unha análise continua na procura de melloras que repercutan na cidadanía, alineando a xestión pública aos Obxectivos polo Desenvolvemento Sostible (ODS) a través das políticas públicas sobre transparencia, en particular, en relación co Obxectivo 16: Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas, que se centran na construción de institucións responsables e eficaces a todos os niveis.

Como mostra deste compromiso, ademais de na súa xestión diaria, o Concello de Vigo adoptou unha serie de acordos co obxectivo de darlle maior soporte ao seu modelo de goberno íntegro, innovador e en avance permanente. Os acordos máis salientables nesta liña foron:

- A avaliación da Transparencia a través do Índice de Transparencia de concellos (ITA) de Transparencia Internacional España, obtendo os mellores resultados en toda Galicia.
- A adhesión do Concello de Vigo á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá, adoptada polo Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 28 de abril de 2015, e na que o Concello de Vigo participa dun xeito destacado como socio activo.
- A adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP acordada por unanimidade do pleno do Concello de Vigo en acordo adoptado en sesión ordinaria de data data 30 de novembro de 2015.
- Aprobación pola Xunta de Goberno Local do Programa actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos ámbitos materiais de administración electrónica, recursos humanos e Secretaría do goberno local, en sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2016.

A Concellería delegada de Xestión Municipal ten delegadas, por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 as seguintes competencias:

- Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.
- Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación das obrigas legais en materia de transparencia, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.

A configuración legal das obrigas en materia de transparencia esixen a continua revisión e avaliación da información dispoñible no Portal de Transparencia, nun proceso de carácter transversal que abrangue a toda a Corporación; avaliación e seguimento que ven esixida



Concello de Vigo

tamén polo Código de Bo Goberno da FEMP, de aí que na execución da citada competencia ditouse en data 30.11.2015 Circular desta Concellería en relación co Portal de Transparencia do Concello de Vigo que sinalaba no seu apartado segundo que:

“A información que debe constar no Portal de Transparencia do Concello deberá estar debidamente actualizada, polo que os responsables dos Servizos deberán garantir a súa calidade, actualización e a implementación de mecanismos de seguimento que permitan dar cumprimento á dita obriga legal, procurando, na medida do posible, a automatización do envío da información ao Portal en colaboración co Servizo Municipal de Administración Electrónica, da que en todo caso serán responsables nas súas respectivas áreas”

II.- PLAN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA TRANSPARENCIA E O BO GOBERNO MUNICIPAL

Con data 6 de marzo de 2018 ditouse polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolución de incoación de expediente administrativo para a aprobación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” (nº de expediente 289/1102), no marco das obrigas legalmente establecidas e do Código de Bo Goberno vixente, resolución na que se procedía á designación como instrutora do mencionado expediente á secretaria do Goberno Local, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

Dentro do ámbito de desenvolvemento do nomeado Plan, tendo presentes os principios xerais recollidos na Lei 19/2013 de actualización periódica, comprensibilidade e acceso sinxelo á información obxecto de publicidade activa, e coa intención de simplificar e sistematizar o subministro da información que se publica no Portal de Transparencia, adoptáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2018 os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal”, no marco das obrigas legalmente establecidas e do Código de Bo Goberno, conformado polas seguintes medidas de desenvolvemento do dito Plan, sen prexuízo doutras que se poidan aprobar no mesmo ámbito:

- 1. Elaboración da Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, de carácter anual*
- 2. Elaboración das fichas de indicadores de transparencia como instrumento para garantir a actualización e a subministración da información destinada á Publicación no Portal de Transparencia.*
- 3. Establecer unha periodicidade mensual para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ao uso do Portal.*
- 4. Establecer unha periodicidade trimestral para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ás solicitudes de acceso á información pública.*

Segundo.- *Delegar no concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, o desenvolvemento e execución do Plan, quedando facultado para a adopción de cantas medidas executivas e de desenvolvemento resulten precisas, dando conta das mesmas á Xunta de Goberno Local con carácter anual.*

Terceiro.- *Encomendar á Secretaría de Goberno Local a coordinación do “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal” que contará, para os ditos efectos, coa colaboración de todas as áreas e servizos municipais cara a garantir a correcta execución das medidas aprobadas na contorna do desenvolvemento do Plan.*

Cuarto.- *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede Electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.*

Entre as medidas concretas a desenvolver que foron aprobadas no dito acordo recóllese a “Elaboración das fichas de indicadores de transparencia como instrumento para garantir a actualización e a subministración da información destinada á Publicación no Portal de Transparencia”; fichas técnicas de uso interno que individualizan de forma precisa que información se debe subministrar, quen é o responsable desta tarefa, a periodicidade coa que se debe presentar e os límites de confidencialidade aos que estea suxeita, no seu caso, así como a aplicación dos límites establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, asegurando, deste xeito a corrección na información obxecto de publicación no Portal de Transparencia.

Unha vez elaboradas as fichas de indicadores de transparencia dende a Secretaría do Goberno Local, seguindo os criterios de calidade da información establecidos no artigo 5 da Lei 19/2013, é dicir, estruturada, clara, accesible e, con carácter xeral, en formato reutilizable, e dando cumprimento á resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal do 7 de xuño de 2018, estas foron remitidas con data 12 de xuño de 2018 ás xefaturas de área e servizo, persoas titulares de órganos directivos, e demais responsables dos indicadores, abríndose un prazo de dez días hábiles para que durante o mesmo enviasen á Secretaría do Goberno Local os comentarios e suxestións que considerasen oportunas en relación co contido establecido nas fichas (tipo de información, descrición, periodicidade de subministro, responsable do indicador).

III.- ALEGACIÓNS DAS ÁREAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

O prazo de alegacións para consulta e mellora dos indicadores rematou o día 26 de xuño de 2018 habéndose remitido escritos de alegacións dende os servizos de Asesoría xurídica, Dirección superior contable e orzamentación, Desenvolvemento local e emprego e Patrimonio, conforme se recolle na seguinte táboa



Concello de Vigo

SERVIZO	DATA DE PRESENTACIÓN
Asesoría Xurídica	20/06/18
Dirección Superior contable e de orzamentación	24/06/18
Desenvolvemento local e emprego	26/06/18
Patrimonio	26/06/18

III.A) Alegacións formuladas polo servizo asesoría xurídica

“Da relación de fichas comúns a tódolos servizos xestores, examinadas aquelas susceptibles de cobertura pola Asesoría Xurídica (54-relación de contratos menores realizados, e 96-plans e programas), estímase que a periodicidade e restantes aspectos son correctos. Para o caso do indicador núm. 96, se da aprobación dun plan ou programa, ou da súa execución, se deriva o nomeamento ou contratación de persoal, cómpre advertir isto a fin de que nos indicadores 1.5 (Persoal) se teña en conta esta circunstancia, deixando constancia da natureza de tal nomeamento ou contratación, e da súa vinculación a un plan ou programa.

Con respecto aos indicadores 31 e 32, tampouco hai observacións en canto ao establecido, coa salvidade de que para garantir o cumprimento da obriga de transparencia relacionada co indicador 31 (directrices, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos xurídicos) precísase que os/as responsables de cada Área remitan á Asesoría Xurídica tales respostas, posto que normalmente se solicitan dende cada un deles autónomamente (Consello Consultivo, Dirección General de Tributos, Dirección General de Función Pública, Colexios profesionais, etc...)

VALORACIÓN

En relación coa creación dun novo indicador no apartado 1.5 de Persoal no que se recollan as contratacións derivadas da execución de plans ou programas, con indicación do tipo e número de prazas que contemple a dotación de persoal prevista para os mesmos, estímase conveniente, sen prexuízo das consideracións que, dende a Área de Persoal e Formación se poida considerar oportuno.

Con respecto ao indicador 32 valórase a suxestión formulada de engadir como responsable do indicador ao servizo consultante, para os efectos de garantir a totalidade de publicación deste tipo de documentos.

III.B) Alegacións formuladas polo servizo de Dirección Superior Contable e de Orzamentación

En relación as fichas técnicas dos indicadores de transparencia responsabilidade da Dirección superior contable e orzamentación, se remiten as seguintes alegacións:

- Incluir nas metodoloxías de cálculo das fichas o detalle das contas contables utilizadas para o cálculo das masas patrimoniais coas que se opera nas fórmulas.

- Modificar a clasificación dos indicadores da información económica para harmonizala coa que se utiliza no Portal de Información Económica, engadindo un enlace directo aos distintos bloques de información ademais dos enlaces específicos de cada indicador.

- Definir o contido do indicador 39 "Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade" incluíndo no mesmo a seguinte información:

- 1. Execución trimestral*
- 2. PMP mensual*
- 3. Morosidade trimestral*

- A supresión do indicador 34 referido as alegacións formuladas aos Orzamentos.

VALORACIÓN

Estímase incluír nas metodoloxías de cálculo das fichas o detalle das contas contables utilizadas para o cálculo das masas patrimoniais coas que se opera nas fórmulas, facilitando así un mellor coñecemento dos elementos que integran as ditas fórmulas para facer unha efectiva rendición de contas.

Tamén se propón modificar a clasificación dos indicadores da información económica nas categorías: Información orzamentaria, Morosidade e Liquidación do último exercicio e Conta Xeral, para que sexan coincidentes coas utilizadas no Portal de Información Económica, suxestión moi acaída para favorecer unha mellor comprensión da información e navegación nestes instrumentos.

O contido do indicador 39 (indicador 45 despois de realizar as modificacións) "Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade" definirase de acordo co suxerido polo Servizo Xestor.

En relación á supresión do indicador 34 (indicador 35 despois de realizar as modificacións) "Alegacións formuladas aos Orzamentos", trátase dunha materia obxecto de informe individualizado incluído na documentación dispoñible mediante o indicador "Orzamento Municipal" que enlazará co Portal de Información Económica, pero dado o gran volume de información que se recolle neste indicador, así como a necesidade de cumprir cos requisitos de calidade da información que veñen impostos polo artigo 5 da Lei 19/2013, aconsellan o seu mantemento para facilitar o seu acceso á cidadanía.

III. C) Alegacións formuladas polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego

Desde este servizo propónse a creación dos seguintes epígrafes e indicadores:



Concello de Vigo

Voluntariado (Oficina Municipal de Voluntariado), nos que cando menos tería que haber referencia a:

- *Rexistro de persoas voluntarias.*
- *Rexistro de persoas asignadas a traballos en beneficio da comunidade.*

Desenvolvemento Local e Emprego:

- *Proxectos de inserción laboral.*
- *Servizos de información e orientación laboral.*

VALORACIÓN

Estímase incluír nos datos obxecto de publicación dous indicadores relativos ao servizo de Voluntariado; un onde se recollan os datos estatísticos do rexistro de persoas voluntarias, sinalando os ámbitos de actuación e as características da poboación inscrita, e outro no que se informe sobre o desenvolvemento do programa “Cumprimento das penas en beneficio da comunidade” creado no marco do Convenio de colaboración asinado entre o Ministerio do Interior e a FEMP ao que está adherido o Concello de Vigo por acordo plenario do 29 de abril de 2002, e tratarse dunha información de interese xeral.

En relación á información sobre Proxectos de inserción laboral e servizos de información e orientación laboral, cómpre sinalar que actualmente estes contidos son accesibles a través do catálogo de servizos publicado no Portal de Transparencia.

Na nova clasificación de datos do Portal substitúese o catálogo de datos por unha carta de servizos que tamén recollerá esta información.

III.D) Alegacións formuladas polo Servizo de Patrimonio

Examinadas as fichas dos indicadores de transparencia nas que figura este servizo como responsable, efectúanse as seguintes suxestións:

Indicador 51: Relación de vehículos oficiais.

Suxerencia: A xestión dos vehículos do Concello corresponde ao Parque Móbil, quen leva as altas e baixas e dispón, conseguintemente da relación actualizada dos vehículos municipais. Patrimonio, na revisión anual do IMBD reflexará a situación actualizada ao remate do ano, polo que a semestral prevista na ficha dependerá da información facilitada polo parque móbil.

Indicador 85: Destino dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo.

Suxerencia: O PMS, tanto no que atinxe a formación do seu inventario e levanza, como a xestión dos bens que o integran é competencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondendo a dito organismo autónomo acordar o seu destino, polo que este servizo de Patrimonio non dispón de mais información que a facilitada pola Xerencia ou resulte do seu inventario do PMS. O RI debería corresponder unicamente a XMU.

Indicador 94: Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociación Veciñais.

Suxerencia: Nesta materia, debería figurar igualmente como RI o Servizo de Participación Cidadá, ó ser o responsable da política municipal en relación coas AAVV, a través do que se canalizan e instrumentan as relacións veciñais, entre outras, as cesión dos locais, tendo adoptado acordos nesta materia, e dispoñendo de toda a información o respecto.

VALORACIÓN

En referencia ao indicador 51 *Relación de vehículos oficiais*, estímase establecer como corresponsable do indicador para os efectos de coordinación e garantir o cumprimento do subministro da información nos prazos establecidos, ao servizo de Fomento, no que se atopa integrado organicamente o Parque Móbil municipal.

Sobre o indicador 85 *Destino dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo*, considérase manter como corresponsable do indicador ao servizo de Patrimonio para os efectos de coordinación e garantir o cumprimento do subministro da información nos prazos establecidos.

Con respecto ao indicador 94 *Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociación Veciñais*, a teor do argumentado no escrito de alegacións, valórase pertinente que o servizo de Participación Cidadá sexa responsable de subministrar a información sobre os inmobles cedidos ou arrendados a asociacións veciñais en coordinación co servizo de Patrimonio.

Unha vez realizadas as incorporacións e modificacións detalladas, os datos publicados no Portal de Transparencia municipal e a súa sistematización responderá ao seguinte índice:

ÍNDICE INDICADORES TRANSPARENCIA

1. INFORMACIÓN INSTITUCIONAL



Concello de Vigo

1.1. Organigrama e funcións

1. Organigrama R.I. Secretaría Goberno Local. R.I. Área de Recursos Humanos e Formación
2. Funcións competencias do Alcalde e restantes membros da Corporación. R.I. Secretaría Goberno Local
3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación. R.I. Secretaría Goberno Local
4. Normativa xeral aplicable ao Réxime Local. R.I. Secretaría Goberno Local
5. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas R.I. Secretaría Goberno Local/Alcaldía

1.2. Curriculumms do alcalde e concelleiros

6. Datos biográficos e adscrición política do alcalde e restantes membros da Corporación R.I. Alcaldía/Grupos Políticos/Secretaría Goberno Local
7. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do alcalde e restantes membros da Corporación R.I. Alcaldía/Grupos Políticos/Secretaría Goberno Local
8. Réxime de dedicación dos cargos electos R.I. Área de Recursos Humanos e Formación/Secretaría Goberno Local/Secretaría Xeral do Pleno
9. Retribucións dos cargos electos R.I. Área de Recursos Humanos e Formación/Secretaría Xeral do Pleno

1.3. Funcionamento dos órganos de goberno

10. Relación de órganos colexiados da Corporación R.I. Secretaría Xeral do Pleno/Secretaría Goberno Local
11. Ordes do día dos Plenos da Corporación R.I. Secretaría Xeral do Pleno
12. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación R.I. Secretaría Xeral do Pleno
13. Ordes do día das Xuntas de Goberno Local R.I. Secretaría de Goberno Local
14. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local R.I. Secretaría de Goberno Local
15. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo R.I. Xerencia Municipal de Urbanismo
16. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo R.I. Xerencia Municipal de Urbanismo
17. Regulamento Orgánico Municipal. R.I. Secretaría Xeral do Pleno

1.4. Altos Cargos

18. Relación de postos de persoal eventual da Corporación R.I. Área Recursos Humanos e Formación

1.5. Persoal

19. Relación de Postos de Traballo (RPT) R.I. Área Recursos Humanos e Formación
--

20. Relación de órganos de representación de persoal. R.I. Área de Recursos Humanos e Formación
--

21. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes R.I. Área Recursos Humanos e Formación
--

22. Relación de Postos de Traballo cubertos para a execución de plans ou programas. R.I. Área de Recursos Humanos e Formación
--

23. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes. R.I. Área Recursos Humanos e Formación

24. Oferta de Emprego Público. R.I. Área Recursos Humanos e Formación
--

25. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo. R.I. Área Recursos Humanos e Formación
--

